



DEIXAAS

Mercedes Peón



Mercedes Peón

“Unha artista insólita”

Rolling Stone Magazine

“Mercedes Peón é unha
alquimista do século XXI”

El País





“Unha das artistas máis auténticamente orixinais da escena musical española”

The Guardian

Compositora heteroxénea, vocalista e multiinstrumentista galega. A formación musical de Mercedes Peón vén do mergullamento nas aldeas durante 25 anos, desde que, tendo só 13, escoita cantar ás mulleres da creación colectiva musical da Costa da Morte. O tocar da pandeireta e o cantar da ribeirana son o detonante para abraiar da inmensa beleza das cancións, bailes, contos e vivencias das habitantes das aldeas.

Comeza así unha intensa recompilación de campo e aprendizaxe diso que ela nomea como “**creación colectiva de microhábitats**”, que transmitirá a través do ensino nas escolas municipais, na Televisión pública de Galicia, ou en universidades como Sorbona, Porto ou País de Gales, entre outras.

No ano 2000 grava o seu primeiro álbum, *Isué*, unha obra contemporánea, festiva e explosiva, reflexo do que Mercedes Peón chama “**música de autoestima cultural**” onde se abre un universo de

eclecticismo, recoñecemento ao local e difícil etiquetaxe.

Todos os traballos que lle seguen, *Ajrú* (2004), *Sihá* (2007) e *Sós* (2011), reciben recoñecementos nacionais e internacionais. Mercedes Peón convértese na primeira muller en recibir o Premio Macallan de gaita, e, neste tempo, recibe o Premio Nacional de Música de Galicia, o galardón ao mellor disco do WorldChart Music Europe finalista a mellor artista do ano, BBC Radio 3, Mellor disco do ano por Cultura Diversa Mexico...

Logo de case oito anos afastada das grabacións discográficas e centrada na pesquisa das posibilidades da arte sonora e no traballo escénico coa danza contemporánea, Mercedes Peón lanza en 2018 *Deixaas*, unha sorprendente e minuciosa creación que nos traslada a un universo creativo sumamente contemporáneo atondado cos sons recollidos na maquinaria pesada dos asteiros de Ferrol (A Coruña).

Deixaas

“Deixaas é un esforzo intenso que testimonia a súa apertura de espírito, a súa constancia no traballo, e tamén a súa valentía e a súa vontade inquebrantable”

Rolling Stone Magazine



O álbum

Deixaas é case un traballo de laboratorio sonoro. Unha experiencia que mestura pandeireta, sintetizadores, piano, voz, sacho e sonidos reais da construción do naval na procura de volúmenes sonoros que deixen espacios onde entrelazar melodías e composicións. Acolle tamén un diálogo sonoro entre a voz lírica levada a extremos e a voz cruda do cante popular.

O resultado é unha **proposta poliédrica e minuciosa, profundamente política e emocional**, que agocha, en cada un dos seus once temas, en cada compás, catro anos de intenso labor ao que Mercedes Peón suma todo o seu coñecemento e experiencia.



O espectáculo

Deixaas achega unha experiencia sensorial poderosa e vibrante, dinámica e comprometida. O formato escenográfico expande o universo creativo de Mercedes Peón á vez que **conecta artesanía e vangarda** dun xeito excepcional.

A creadora acompáñase sobre o escenario de Ana Fernández e Mónica de Nut rompendo as formacións clásicas de liderado e acompañamento, para ofrecer unha **experiencia artística sobrecolledora e accesible para o público**, na que todos os elementos que distinguen a obra da compositora conflúen maxistralmente con linguaxes sonoras e estéticas totalmente persoais e inconfundibles.

A ambientación, as texturas, o poder estético da palabra poética dramatizada achega unha atmósfera evocadora, auténtica, próxima ao trazo. A danza contemporánea concebida por Janet Novás especificamente para Deixaas, visible a través de proxeccións, converte o espectáculo nunha **aproximación transmedia irrepitible**.

A xira 2019

26 de xaneiro

- Celtic Connections (Glasgow, UK)

8 de marzo

- Artistic Festival (Évora, Portugal)

9 de marzo

- Sant Boi de Llobregat (Barcelona)

6 de abril

- LAVA. Laboratorio de las Artes de Valladolid.

30 de abril

- Trifest (Pontevedra)

17 de maio

- Festiletras (Ponteceso)

18 de maio

- Viana do Bolo (Ourense)

24 de maio

- Sala Pan Pipper (París)

29 de xuño

- Concerto especial X aniversario da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade (A Coruña)

24 de xullo

- Festas de Outes (A Coruña)

26 de xullo

- Festival SinSal (Illa de San Simón, Redondela)

27 de xullo

- Sfinks Mixed Festival (Boechout, Bélxica)

3 de agosto

- Festival du Chant da Marin (Paimpol, Francia)

10 de agosto

- Festival Interceltique de Lorient (Francia)

16 de agosto

- Ariano Folk Festival (Italia)

23, 24 e 25 de agosto

- Festival Museumsuferfest (Frankfurt, Alemaña)

A xira 2020

1 de febreiro

- Festival Sonoras (Valencia)

31 de xullo

- Festival Contemporáneas (León)

29 de agosto

- Festival Sons da Canteira (Porriño)

31 agosto

- Galicia Emerxe (Santiago de Compostela)

19 de setembro

- Festivala. Mulleres Creando (Vilagarcía de Arousa)

4 de outubro

- Concerto Concéntrico (Oroso)





Deixaas na prensa
https://www.mercedespeon.gal/kit_press

info@mercedespeon.gal

Contratación:



info@culturactiva.org
981 582 836